



**CONCELLO DA BAÑA
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal

Resolución da Alcaldía.

José Antonio Pereira Gil, alcalde do Concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza da secretaria accidental de dito Concello, emito o seguinte Decreto:

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DE PRAZAS E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN DURANTE A SEMANA SANTA 2026 PARA MENORES DE IDADE DO CONCELLO DA BAÑA.

Expte. TEDEC: 2026/S012/000002 (Convocatoria)

Expte. TEDEC: 2026/G003/000160 (Decreto)

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ó que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto o artigo 25.2, nos seus apartados l) e m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, mediante os que os municipios exercerán en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de ocupación do tempo libre e promoción da cultura.

Visto que o servizo de conciliación Semana Santa 2026 é un servizo que ten a función de ofrecerlles ás crianzas un espazo onde participar de actividades de carácter lúdico, social e educativo, ao mesmo tempo que facilitar e promover a vida laboral e familiar dos seus proxenitores e/ou titores legais.

Visto o réxime de publicación dos actos administrativos de carácter xeral ou que teñan por destinatarios a unha pluralidade indeterminada de persoas recollido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Visto que existe crédito orzamentario adecuado e suficiente no orzamento de 2026 para facer fronte ós gastos ligados ó Servizo de Conciliación Semana Santa 2026 para menores de idade do Concello da Baña.

Vistas as bases que rexerán a convocatoria de prazas e funcionamento do servizo de conciliación durante a Semana Santa 2026 para menores de idade do Concello da Baña, que se acompañan no Anexo I.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, i en aplicación do artigo 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:



**CONCELLO DA BAÑA
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal

Primeiro. Aprobar as Bases que rexerán a convocatoria de prazas e funcionamento do servizo de conciliación Semana Santa 2026 para menores de idade do Concello da Baña e que se incorporan como anexo I á presente Resolución, comezando o prazo de presentación de solicitudes o día seguinte á data de publicación das presentes bases na páxina web do concello e finalizando o 20 de marzo de 2026.

Segundo: Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación aos terceiros interesados.

Mándao e asínao o señor alcalde, e ordena darlle traslado ao departamento correspondente para a súa incorporación ao expediente do que eu secretaria accidental, Rocío Caamaño Gerpe dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



**CONCELLO DA BAÑA
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DE PRAZAS E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN “SEMANA SANTA 2026”

Artigo 1. Obxecto

Estas normas teñen por obxecto regular a convocatoria de prazas e o funcionamento do servizo de conciliación Semana Santa 2026 para menores de idade no Concello da Baña nos días 30 e 31 de marzo e 01 e 06 de abril de 2026.

Artigo 2. Definición do programa

O campamento de Semana Santa é un servizo que ten a función de ofrecerlles ás crianzas un espazo onde participar de actividades de carácter lúdico, social e educativo.

Está dirixido a menores escolarizados entre os 3 e 13 anos de idade, durante os días 30 e 31 de marzo e 01 e 06 de abril de 2026, coincidindo coas vacacións de Semana Santa das crianzas.

Este campamento levarase a cabo no Local Social de San Vicenzo da Baña en horario de 08:00 a 15:00.

Artigo 3. Persoas destinatarias. Características das persoas usuarias

Enténdense como persoas usuarias do servizo as/os responsables das rapazas e rapaces (persoa ou persoas que teñan atribuída a patria potestade, tutela ou representación legal, de acordo co Código civil e normativa complementaria) e os propios menores.

Artigo 4. Dereitos e obrigas das persoas usuarias

Son dereitos dos usuarios e usuarias do programa de actividades e de quen posúa a súa patria potestade:

- O acceso ao programa sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, incluído calquera tipo de diversidade funcional.
- A dignidade persoal, tanto por parte do persoal, como dos demais usuarios.
- Ser tratados con respecto e tolerancia baseados nos principios de igualdade e convivencia democrática.
- O sigilo profesional sobre os datos do seu historial persoal, sanitario, socioeconómico e familiar ao abeiro da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Deixar de asistir aos servizo por vontade propia.
- Ser informados/as, de xeito comprensible, das normas básicas de convivencia, hixiene e respecto mutuo e aos demais.



CONCELLO DA BAÑA SERVIZOS SOCIAIS

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal

Son obrigas dos usuarios e usuarias do programa de actividades de conciliación e de quen posúa a súa patria potestade:

- Cumprir o regulamento e demais disposicións legais vixentes.
- Cumprir os trámites, prazos e requisitos necesarios para o uso do servizo.
- Estar ao día no pagamento dos servizos ofertados polo Concello da Baña. A existencia de débeda suporá a non admisión no servizo, a excepción dos casos concretos informados polos Servizos Sociais Municipais considerados de emerxencia social.
- Comunicar a baixa cando proceda.
- Responsabilizarse daquelas situacións en que por motivos de saúde e malestar, sexa necesario a recollida do menor usuario dos servizos.
- Deberase presentar informes médicos actualizados segundo estes lles sexan requiridos desde o Concello. En ningún caso se lle dará un trato especial a un usuario/a sen o informe médico que o recomende e xustifique. Se un menor ten que medicarse durante o desenvolvemento do programa, deberá traer o medicamento e unha autorización asinada polo pai, nai ou titores, e un informe médico no que se especifique a dose e o momento no que haberá que administralo. En ningún caso un monitor/a lles administrará un medicamento aos menores sen a autorización por escrito asinada polo pai, nai ou polo seu titor/a e un informe médico.
- Non poderán asistir os/as usuarios/as con febre, (38º rectal, 37,5º bucal, 37,2º axilar), diarrea, vómitos ou enfermidades contaxiosas, (rubéola, papeiras, sarampelo, lombrigas, gastroenterite vírica, gripe, varicela, etc.). De aparecerlle calquera síntoma das enfermidades anteriores, así como de piollos, será posto en coñecemento dos pais/nais/titor/a para que recollan o seu fillo/a.

Artigo 5. Estrutura do servizo

O servizo está dirixido aos nenos e nenas que teñan entre 3 e 13 anos de idade, e estean escolarizados.

O campamento de Semana Santa ofertará 20 prazas para os nenos e nenas que cumpran os requisitos de admisión. Este servizo desenvolverase no local social de San Vicente. Para determinadas actividades poderanse trasladar a algunhas das instalacións municipais (axencia de lectura, pavillón municipal, etc)

As actividades levadas a cabo serán de índole educativa e cultural, fomentarán o fortalecemento de valores como a solidariedade, a confianza, a cooperación; así como o respecto persoal e colectivo. Todo isto acompañado de actividades que promovan o completo desenvolvemento da crianza.

Artigo 6. Inscripción

Establecerase un prazo de inscrición dende a publicación das presentes bases ata o 20 de marzo.

Consideraranse admitidos/as todos/as aqueles/as que cumprindo o requisito da idade, acheguen a documentación necesaria e aboan as taxas.



**CONCELLO DA BAÑA
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal

Todas as solicitudes presentadas fóra de prazo irán a unha listaxe de agarda.

Documentación necesaria:

A solicitude (que se realizará conforme aos anexos adxuntos), deberá vir acompañada dos documentos seguintes:

- Xustificante bancario do pago das taxas.
- Certificado de necesidade de conciliación por motivos laborais dos pais/nais, titores/titoras: documento de empresa que indique o horario laboral.
- De ser o caso, o informe médico que acredite calquera tipo de tratamento especial.
- Tarxeta sanitaria.

Artigo 7. Prezos públicos

As cotas serán aplicadas de acordo co determinado na correspondente ordenanza fiscal do ano 2025, artigo 4º, último parágrafo.

Pagamento con base na ordenanza:

CENSADOS		NON CENSADOS	
1º fillo	15€	1º fillo	30€
2º fillo (e sucesivos)	10€	2º fillo (e sucesivos)	15€

Este pagamento realizarase nun dos números de contas seguintes das que é titular o Concello da Baña:

- ES92 2080 0326 1731 1000 0035 (ABANCA)
- ES26 0238 8191 8806 6000 1061 (SANTANDER)

Artigo 8. Criterios de valoración, lista definitiva de admitidos e listaxe de agarda.

Condições e grados de prioridades para valorar as solicitudes:

- Prioridade 1: As crianzas para os que se solicita o programa deberán pertencer a unha unidade familiar empadroadada na súa totalidade no Concello da Baña, no momento da publicación da



CONCELLO DA BAÑA SERVIZOS SOCIAIS

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal

convocatoria e no seu defecto o pai, nai ou titor/a legal e o/a menor para o que se solicita a praza.

- Prioridade 2: Menores que sexan fillos/as do persoal que presta servizo no Concello da Baña.
- Prioridade 3: Crianzas non censadas no municipio.
- Que a unidade familiar estea ao día no pagamento de todos os servizos ofertados polo Concello da Baña, e en xeral, non ter débedas co Concello, a excepción dos casos informados polos Servizos Sociais Municipais como Emerxencia Social.

Artigo 9. Organización. Persoal municipal e persoal contratado para a prestación do servizo de campamento de Semana Santa.

O persoal municipal responsable do programa, encargarse da valoración e o deseño das características da prestación do servizo e serán os/as responsables da súa supervisión. Polo tanto, establecerase unha coordinación periódica entre o persoal municipal e o persoal técnico da empresa.

O servizo inclúe as accións que se relacionan a continuación e que deberán diferenciarse en función da crianza; estas estarán a cargo do monitorado:

- Garantir hábitos de hixiene.
- Realizar un seguimento especial á rapazada con dificultades.
- Planificar e realizar actividades lúdico-educativas.
- Manter o vínculo coas familias e informarlles, así como ao Concello, das incidencias que se produzan.
- Custodiar a documentación persoal das persoas usuarias do servizo.
- Deixar recollidas as instalacións, o mobiliario e os utensilios usados limpos, así como os espazos utilizados para a realización de actividades complementarias.
- Facilitarlles aos responsables municipais toda a documentación que sexa requirida para o desenvolvemento dos servizos.
- Realizar as demais funcións que se lle atribúa dende o Concello para o seu correcto funcionamento.

Artigo 10. Finalización da prestación do servizo e supostos extraordinarios

Serán causas de baixa nos servizos:

- Incumprimento dos requisitos establecidos.
- A solicitude da persoa responsable do menor.
- A comprobación da falsidade nos documentos ou datos achegados, con independencia das infraccións administrativas e/ou penais que a devandita conduta constitúa.
- A falta de pagamento das cotas establecidas
- O Concello da Baña resérvase o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva do servizo aos menores que se comporten de forma incorrecta ou cuxos responsables non respecten as normas de funcionamento do mesmo.